

RESOLUCIÓN

Concesión provisional de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 7 de maio de 2018 foron aprobadas as "Bases xerais e específicas da convocatoria de subvencións en materia de deporte dirixidas a entidades deportivas durante o ano 2018 do Concello de Carballo".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2018, e no Bop da provincia de A Coruña nº 103, de 1 de xuño o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1870/2018 do 20 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 23 de xullo de 2018.

Vista a acta da xuntanza ca proposta de resolución provisional,

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC222018000951), sendo o importe total proposto de 6.300,00 €, estando previstos inicialmente 10.000,00 €.

Segundo.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerárase aceptada tácitamente. Resoltas as alegacións, se as houbera, concederanse con carácter definitivo as subvencións en materia de deportes pola Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, pola Alcaldía. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario/a Accidental
Susana Mariño Lorenzo

Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018.

Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvencionado a Xustificar
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Triatlón	70,00	1.000,00 €	2.500,00 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Natación	51,25	800,00 €	2.000,00 €
Bergantiños F.C.	G15116775	Fase de Ascenso a 2ªB	87,08	2.500,00 €	5.829,20 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Fase de Ascenso División de Honra Prata	67,92	2.000,00 €	3.566,50 €

Anexo 2.- Solicitudes de Subvencións desistidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2018.

Nº	Solicitante	CIF/NIF	Obxecto
1	Judo Club Bergantiños	G70457411	Circuito Nacional Copas de España 2018

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario/a Accidental
Susana Mariño Lorenzo